



## Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	Teaching Physical Activity and Sport		Code	620G01001	
Study programme	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	First	Basic training	6	
Language	Spanish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Educación Física e Deportiva				
Coordinador	Gonzalez Valeiro, Miguel Angel	E-mail	miguel.gonzalez.valeiro@udc.es		
Lecturers	Gonzalez Valeiro, Miguel Angel Toja Reboledo, Maria Belen	E-mail	miguel.gonzalez.valeiro@udc.es belen.toja@udc.es		
Web					
General description	<p>Bases conceptuais pedagóxicas. A educación como proceso de comunicación. Introducción aos principais elementos didácticos. Teorías críticas da educación. Introducción ao sistema educativo. Exercicio profesional como servizo e vocación educativa. Fundamentos curriculares para a programación da educación física escolar. O centro escolar, a educación física e a actividade deportiva e recreativa como lugar de educación de valores e fomento de estilos de vida activos e saudables.</p> <p>A maiores, en relación ao xénero, se atenderá as seguintes directrices:</p> <p>? incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...)</p> <p>? Traballar para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.</p> <p>? Detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.</p>				

## Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A4	Coñecer e comprender as bases que aporta a educación física á formación das persoas.
A6	Deseñar e ordenar estratexias e espazos de aprendizaxe que respondan á diversidade social (sexo, xénero, idade, discapacidade, culturas?) e ao respecto dos dereitos que conforman os valores que aporta a educación física e deportiva á formación integral dos cidadáns.
A7	Promover e avaliar a formación de hábitos de actividade física e deporte ao longo do ciclo vital, considerando que a idade, o xénero ou a discapacidade son variables que necesitan da intervención consciente para favorecer a igualdade de oportunidades.
A8	Deseñar, desenvolver, e avaliar os procesos de ensino ? aprendizaxe, relativos á actividade física e o deporte, con atención e titorización segundo as características individuais e contextuais das persoas (xénero, idade, discapacidade, culturas, etc.).
A9	Elaborar propostas curriculares para as distintas etapas no marco institucional dun centro educativo, desenvolvendo os elementos da programación didáctica da área de E. Física, con arranxo á lexislación vixente e ao proxecto educativo de centro.
A10	Coñecer os distintos niveis da lexislación educativa e aplicar os fundamentos básicos que promove en canto á Planificación e Programación Didáctica da Educación Física nas etapas educativas.
A11	Posuír o conxunto de habilidades ou competencias docentes que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe na aula de educación física.
A13	Identificar as principais tarefas do profesor de educación física dentro e fóra da aula, resaltando as que fan referencia á súa labor tutorial, orientadora e departamental.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersoal e traballo en equipo.



B7	Xestionar a información.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
B14	Comprender e aplicar a lexislación vixente relativa ao marco das actividades físicas e deportivas nos distintos ámbitos: educación, deporte, xestión, lecer e saúde.
B15	Comprender e saber utilizar as importantes posibilidades que a educación física e o deporte teñen para xerar hábitos sociais e valores democráticos (coeducación de xéneros, respecto á diversidade social e cultural, cooperación, competición respectuosa, compromiso co contorno?).
B17	Promover e avaliar actividades de ampliación curricular, referentes á creación de hábitos autónomos de actividade física e deporte.
B18	Comprometerse e involucrarse socialmente coa súa profesión e en concreto, coa situación actual da actividade física e o deporte na educación formal; coa xestión do centro educativo; cos seus compañeiros (traballo cooperativo) e con aqueles aos que educa.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Analizar criticamente todas as circunstancias e feitos que rodean á educación	A7 A8	B3 B4 B7 B11 B15 B18	C1 C3 C4 C7
Comprender as bases da educación e os principios da educación física e o deporte para a formación integral das persoas asumindo a importancia da escola como promotora de estilos de vida activos e saudables.	A4 A6	B15 B18	C1 C3 C4 C7
Comprender e aplicar os principios conductuales no contexto educativo, recreativo, da actividade física e a saúde e do adestramento deportivo	A7 A8 A13	B3 B11 B15	C1 C3 C4 C7
Abordar reflexivamente as reformas educativas e as súas implicacións no ámbito das actividades físico-deportivas.	A6 A8 A10	B14	C1 C3 C4 C7
Coñecer e comprender os fundamentos curriculares da educación física formal	A6 A8 A9 A10 A11	B3 B14 B15 B17	C1 C3 C4 C7
Desenvolver actitudes favorables cara á colaboración interdisciplinar, o traballo en equipo e ao respecto á diversidade	A4	B3 B4 B18	C1 C3 C4 C7

Contents



Topic	Sub-topic
Tema 1. Da Pedagogía a Pedagogía da actividade física e do deporte	<ul style="list-style-type: none"> <li>-A educación, a Pedagogía e as Ciencias da Educación</li> <li>-A Pedagogía da actividade física e do deporte: Educación Física e Pedagogía Deportiva</li> <li>- Teorías críticas da educación e a súa incidencia na escola actual e no contexto da EF e o deporte ( Ideoloxía, currículo oculto, perspectiva comunicativa)</li> </ul>
Tema 2. A educación física de Calidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Educación Física de Calidade e perspectiva ecolóxica da Educación Física.</li> <li>- O centro educativo como eixe do fomento dos estilos de vida activos e saudables</li> <li>- Un/unha alumna ben educado fisicamente</li> <li>- Bo docente de Educación Física</li> <li>- Competencias docentes necesarias para unha Educación Física de Calidade</li> </ul>
Tema 3. Condicionantes do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estilos de comunicación e estilos de ensino.</li> <li>- O/A profesor/a de Educación Física</li> <li>* O pensamento: Coñecemento profesional e preocupacións docentes</li> <li>* O comportamento: Destrezas docentes</li> <li>- O alumno/a ben educado/a fisicamente</li> <li>* O pensamento do/o alumno/a: Autoconceito, percepcións, motivación, atención e atribución causal</li> <li>* O comportamento do/o alumno/a: Aspectos cuantitativos (variables de contexto, programa e diferenzas individuais) e cualitativos (estilos de participación)</li> </ul>
Tema 4.- A Educación física na escola na lexislación actual.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción aos elementos curriculares</li> <li>- Lexislación educativa</li> <li>- Proceso de concreción curricular: desde a lei á aula</li> <li>- Interdisciplinaridade e transversalidade</li> </ul>
Tema 5. Atención á diversidade e educación en valores na Educación Física e no deporte en idade escolar	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Principios de individualización e socialización</li> <li>-Integración e inclusión</li> <li>- Atención á diversidade individual e social na Educación Física</li> <li>- Aprendizaxe cooperativo</li> <li>- Educación en valores</li> <li>- Valores abordables desde a Educación Física e o deporte en idade escolar</li> </ul>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Student portfolio	A4 A6 A7 A8 A9 A10 A11 B3 B4 B7 B11 B14 B15 B18 C1 C3 C4	20	40	60
Guest lecture / keynote speech	A4 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 B4 B7 B11 B14 B15 B17 B18 C4	20	20	40
Supervised projects	A6 A7 A8 C7	14	28	42
Long answer / essay questions	A4 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 B7 B14 B15 B17 C1 C3	5	0	5



Personalized attention		3	0	3
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Student portfolio	<p>É un cartafol ou archivarador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo/a profesor/a o que permite visualizar o progreso do/a alumno/a. O portafolio ou cartafol inclúe todo o que fai o/a alumno/a, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoevaluacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso, etc.</p> <p>Consta de:</p> <p>a. Material (traballado) de cada un dos temas. Trátase dos apuntamentos, esquemas, artigos, diapositivas, subliñados ou de elaboración propia, coas que cada estudante traballou o contido da materia. Pode estar en formato papel ou dixital, pero deberá optarse por un dos dous soportes.</p> <p>b. Actividades realizadas nas clases interactivas (presenciais) e nas non presenciais. Recollerá todas as realizadas durante o desenvolvemento dos temas, elaboradas en horario lectivo e as propostas polo profesorado para o desenvolvemento do tema, en horario non lectivo.</p> <p>Incluíranse neste apartado as actividades avaliadas, unha ou dúas por tema (individuais e/ou por parellas), que se realizarán ou revisarán durante as clases interactivas. Estas serán entregadas en data e hora establecida para a corrección definitiva.</p> <p>Débense refacer e incorporar no portafolio, tanto a orixinal como as súas correspondentes modificacións.</p> <p>c. Rúbricas/lista de control do portafolio de cada un dos temas ou de actividades (auto e coevaluación).</p> <p>(Este portafolios preferentemente realizarase en formato dixital)</p>
Guest lecture / keynote speech	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como Conferencia o método expositivo ou lección maxistral. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Supervised projects	<p>Ao longo do curso irase elaborando un traballo en grupos de 3, que finalice nunha proposta de fomento de practica de actividade física nun centro escolar, que ira desenvolvéndose en paralelo cos contidos da materia.</p> <p>Realizaranse clases prácticas de acompañamento do traballo e nas tutorías da materia poderán convocarse a grupos de alumnos para que vaian mostrando ao profesorado o traballo realizado.</p>
Long answer / essay questions	<p>Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.</p>

Personalized attention	
Methodologies	Description



Student portfolio Long answer / essay questions	<p>As actividades reflectidas son aquelas que demandan a asistencia do/a alumno/a ás titorías. Nesta materia contémpanse 3 tipos diferentes de titorías:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- En pequeno grupo: son aquelas previstas no horario da materia que poderán utilizarse para revisar actividades que teñan que ver co contido do portafolios.</li><li>- Titorías individualizadas utilizando o moodle ou teams ou as horas de tutoría do profesorado.</li><li>- Titorías persoais/grupales e o despacho do profesorado ou por teams.</li></ul> <p>O alumnado que cursou a materia en cursos anteriores e aquelas/es con matrícula a tempo parcial, deberá falar co profesorado para acordar os criterios de asistencia e avaliación para cada unha das oportunidades.</p>
---	---

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Supervised projects	A6 A7 A8 C7	<p>Terá un valor de 3 puntos sobre a nota final. Para o seu desenvolvemento realizaranse actividades de explicación/seguimento no horario lectivo da materia, en horarios de titorías de grupo e en titorías do profesorado a petición dunha persoa ou grupo.</p> <p>Si o traballo non pasou por actividades de seguimento polo profesorado da materia non será avaliado.</p> <p>O alumnado de cursos anteriores que cumpra cos requisitos da avaliación continua, está excluído de realizar este traballo.</p>	30
Long answer / essay questions	A4 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 B7 B14 B15 B17 C1 C3	<p>Se realizarán 4 probas (temas 1 e 2, tema 3, tema 4 e tema 5).</p> <p>A primeira e segunda proba terán un valor de 2 puntos, os dous restantes 1,5 puntos cada unha (total 7 puntos)</p> <p>Cada proba esixirá unha cualificación do 50% para ser superada e que non haxa ningunha pregunta cualificada con 0 (ou sen contestar).</p> <p>As preguntas presentaranse en castelán, poderase realizar en calquera dos dous idiomas oficiais da Universidade da Coruña. O que desexe as preguntas en galego deberá solicitalo ao profesorado, polo menos cunha semana de antelación á data de realización.</p> <p>O alumnado que non supere todas e cada unha destas probas, deberá presentarse (ás que non superen) na data do exame final (convocatoria oficial de exames).</p> <p>Manterase este criterio para as oportunidades de xaneiro/xuño-xullo. En futuras convocatorias, non se manterán as cualificacións.</p> <p>O alumnado de cursos anteriores que cumpra cos requisitos da avaliación continua, pode optar por presentarse ás probas de ensaio ou á proba final.</p>	70

#### Assessment comments



A realización fraudulenta de tarefas de avaliación, implicará

directamente a calificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (notanumérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa calificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario. O alumnado que curse a materia en cursos anteriores, deberá dirixirse ao profesorado durante os primeiros 15 días do curso para valorar, en cada caso, o recoñecemento ou non da avaliación continua e por tanto a exención de asistencia e de realización das actividades contempladas neste programa.

O alumnado con matrícula a tempo parcial ou con situacións particulares por temas deportivos ou laborais, deberán falar co profesorado para acordar os criterios de avaliación e asistencia para cada unha das oportunidades (si no mes de setembro non se comunica, esa posibilidade non se ofrecerá).

Os que non se atopen nesa situación especial, poderán elixir entre un sistema de avaliación formativa continua (auto, co e heteroevaluación) ou de avaliación final (heteroevaluación).

## 1. AVALIACIÓN FORMATIVA (CONTINUA)

Optar por este sistema de avaliación implica a asistencia polo menos ao 70% das clases presenciais, a elaboración e presentación do portafolio, a superación das probas de ensaio e a elaboración do traballo por proxecto.

Consideracións de face ao mantemento de cualificacións e/ou partes da materia no caso de cumprir todos os criterios da avaliación formativa (continua):

O alumnado que non supere todas e cada unha destas probas, deberá presentarse (ás que non superen) na data do exame final (convocatoria oficial de exames). Manterase este criterio para as oportunidades de xaneiro/xuño-xullo. En futuras convocatorias, non se manterán as cualificacións.

Os que non alcance a metade da puntuación no apartado b, deberán reelaborarlo e presentalo na segunda oportunidade (xuño-xullo).

Isto será igualmente de aplicación para o alumnado de cursos anteriores.

## 2. AVALIACIÓN FINAL

Optará a ela, o alumnado que perda o dereito á avaliación continua e aquel que así o desexe. Non entregarán o portafolio, nin se presentarán ás probas de ensaio, pero están obrigados a asistir, polo menos, ao 50% das sesións.

Os que opten pola avaliación final, deben realizar a proba na data marcada no calendario oficial de exames e para superar a materia deberá obter ou superar o 70% (7 sobre 10 puntos).



<p><b>Basic</b></p>	<p>Tema 1.- Material de lectura obligatoria:Blázquez, D. (2020). Descubre como es la educación física del siglo XXI. INDE, pp. 150-157. Flecha, R. y Puigbert, L. (2002). Las comunidades de aprendizaje: Una apuesta por la igualdad educativa. REXE: Revista de estudios y experiencias en educación, 1(1),pp.11-20 López Pastor, V. (coord.) (2002). Algunas reflexiones sobre educación física y pedagogía crítica. Retos, 2, pp.30-35 Vázquez, B. (2001): La Pedagogía de la Actividad Física y el Deporte. En B. Vázquez (coord.). Bases educativas de la actividad física y el deporte. Síntesis, pp. 25-46 Vázquez, B. (2001): El Currículum oculto y las nuevas orientaciones en el estudio del currículum en la EF. En B. Vázquez(coord.). Bases educativas de la actividad física y el deporte. Síntesis, pp. 277-287Tema 2.- Material de lectura obligatoria: Beneficios de una EFC  <a href="https://www.youtube.com/watch?v=P9BJ9ExyfFU&amp;feature=youtu.be">https://www.youtube.com/watch?v=P9BJ9ExyfFU&amp;feature=youtu.be</a> Bull, F. C., Al-Ansari, S. S., Biddle, S., Borodulin, K., Buman, M. P., Cardon, G., Carty, C., Chaput, J.-P., Chastin, S., Chou, R., Dempsey, P. C., DiPietro, L., Ekelund, U., Firth, J., Friedenreich, C. M., Garcia, L., Gichu, M., Jago, R., Katzmarzyk, P. T., ? Willumsen, J. F. (2020). World Health Organization 2020 guidelines on physical activity and sedentary behaviour. British Journal of Sports Medicine, 54(24), 1451-1462. <a href="https://doi.org/10.1136/bjsports-2020-102955">https://doi.org/10.1136/bjsports-2020-102955</a> Mayor, A., Cantero, P.; Fernández-Villarino, M.A., Toja, B. y González-Valeiro, M.A. (2016). Condições que deve cumprir uma escola para se converter em promotora de estilos de vida activos para os alunos. Gymnasium 1(2), p 1-12 Sánchez, A, Villaverde-Caramés, E., González-Valeiro, M.A. &amp; Fernández-Villarino, M.A. (2021). Physical Literacy and teacher training: Pilot study. Education Sciences, 11(2), 42. <a href="https://doi.org/10.3390/educsci11020042">https://doi.org/10.3390/educsci11020042</a> Villaverde-Caramés, E., Fernández-Villarino, M.A., Toja-Reboredo, B. &amp; González-Valeiro, M.A. (2021): Revisión de la literatura sobre las características que definen a un buen docente de Educación Física: consideraciones desde la formación del profesorado. Retos, 41, 471-479. <a href="https://doi.org/10.47197/retos.v0i41.84421">https://doi.org/10.47197/retos.v0i41.84421</a> UNESCO (2015). Educación Física de Calidad.  <a href="http://unescoittralee.com/wp-content/uploads/2017/11/QPE-for-policy-makers-Spanish.pdf">http://unescoittralee.com/wp-content/uploads/2017/11/QPE-for-policy-makers-Spanish.pdf</a>Tema 3.- Material de lectura obligatoria:García-González, L; Abós Catalán, A. y Sevil-Serrano, J. (2020). Acción docente en educación física y actividades físico-deportivas. Teoría basada en evidencias científicas. Prensas de la Universidad de ZaragozaTema 4.- Material de lectura obligatoria:Arufe, V. (2011). La educación en valores en el aula de EF. ¿Mito o realidad? EmásF, Revista Digital de Educación Física. Año 2, Num. 9 (marzo-abril 2011)  <a href="https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3618413">https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3618413</a>Blázquez, D. (2020). Descubre como es la educación física del siglo XXI. INDE, pp. 101-112. Fernández-Río, J. (2017) El Ciclo del Aprendizaje Cooperativo: una guía para implementar de manera efectiva el aprendizaje cooperativo en educación física. Retos, 32, 264-269  <a href="https://recyt.fecyt.es/index.php/retos/article/view/51298">https://recyt.fecyt.es/index.php/retos/article/view/51298</a>Pinheiro, V.; Camerino, O. y Sequeira; P. (2013) Recursos para potenciar el fair play en la iniciación deportiva. Retos, 24, pp. 97-99Sánchez Alcaráz, B., López, J., Valero Valenzuela, A. y Gómez-Marmol, A. (2017). Los programas de educación en valores a través de la Educación física y el deporte. Actividad física y deporte. Ciencia y profesión, Vol.28, pp. 45-58 Velázquez Callado (2015). Aprendizaje cooperativo en Educación Física: estado de la cuestión y propuesta de intervención. Retos, 28, pp.234-239Tema 5.- Material de lectura obligatoria:Gobierno de España (2020) Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. BOE.es - BOE-A-2020-17264 Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. Gobierno de España (2022) Real Decreto 217/2022, de 29 de marzo, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Secundaria Obligatoria. Zapatero, J.; González, M.D. y Campos, A. (2017) Programar por competencias en EF. Tandem didáctica de la EF, 57; pp 68-73</p>
<p><b>Complementary</b></p>	

**Recommendations**

**Subjects that it is recommended to have taken before**

**Subjects that are recommended to be taken simultaneously**

**Subjects that continue the syllabus**



Psychology of Physical Activity and Sport/620G01011

Sociology of Physical Activity and Sport/620G01015

Teaching/Learning Processes in Physical Activity and Sport/620G01022

Planning Teaching/Learning Processes in Physical Activity and Sport/620G01035

Practicum/620G01040

#### Other comments

Pór en coñecemento do profesorado os posibles aspectos que impidan levar con normalidade o establecido nesta guía. Manter con regularidade tutorías co profesorado (presenciais ou on-line) para o seguimento da materia. Co fin de mellorar a materia e o sistema de garantía interna de calidade do noso centro, sería conveniente que o alumnado atendese á solicitude realizada pola UDC, con periodicidade cuadrimestral, respecto de participar no proceso de avaliación da materia e cuxa chamada realiza baixo o nome de "AVALIA" consistindo en responder os cuestionarios que avalían a docencia do profesorado.

**(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.**